

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**15237** *Real decreto 1269/2018, do 11 de outubro, polo que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consello Forestal Nacional.*

O artigo 10.2 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, na súa redacción dada pola Lei 21/2015, do 20 de xullo, crea o Consello Forestal Nacional como órgano consultivo do daquela Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en materia de montes e política forestal, que emitirá informes, entre outros, sobre as normas e os plans de ámbito estatal relativos ao ámbito forestal.

Así mesmo, o mencionado artigo 10.2 sinala que o Consello estará presidido polo ministro do ramo e que se determinarán regulamentariamente a súa composición, organización e funcionamento, garantíndose, en todo caso, a participación das organizacións representativas dos intereses afectados, sen que poidan xerar custos de persoal nin aumento do gasto público, mandato que se cumpre neste real decreto.

Determinábase un consello con vogais que representan todos os sectores directamente implicados na definición das políticas forestais, desde os representantes dos gobernos autonómicos e dos concellos, que xestionan unha terceira parte da superficie forestal española, aos propietarios privados, industrias, técnicos, empresarios, profesionais, produtores agrarios, organizacións non gobernamentais interesadas, etc., tratando de incluír todas as sensibilidades e os puntos de vista ao mesmo tempo que se mantén o número de membros nunha escala que permita a eficiencia nos traballos do Consello.

Así mesmo, determínanse os parámetros necesarios para nomear e substituír os seus membros, así como para realizar os traballos que se lle encomenden, sen prexuízo de que o mesmo Consello poida elaborar un regulamento de funcionamento que determine as casuísticas máis concretas.

Este real decreto adécuase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Cumpre cos principios de necesidade e eficacia, no sentido enunciado nos parágrafos anteriores, onde se explican a necesidade e os fins perseguidos coa súa aprobación. É acorde tamén co principio de proporcionalidade, ao ser o medio máis adecuado para cumprir estes obxectivos, e co principio de seguridade xurídica, dada a súa integración no ordenamento xurídico. Así mesmo, cumpre co principio de transparencia, xa que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consello Forestal Nacional. Por último, é coherente co principio de eficiencia, xa que é unha norma que non supón un incremento de cargas administrativas.

O real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución española, que é a base xurídica do artigo 10 da Lei 43/2003, do 21 de novembro.

Na tramitación deste real decreto cumpríronse os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, logo de consultados os departamentos ministeriais afectados e as entidades que compoñen o Consello Forestal Nacional, obxecto deste real decreto, e someteuse ao procedemento de participación pública e á consulta das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, a través do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa prevista no artigo 26.5, quinto parágrafo, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de outubro de 2018,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e adscrición.*

O Consello Forestal Nacional, creado no artigo 10.2 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, será o órgano consultivo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en materia de montes e política forestal e estará adscrito ao dito ministerio a través da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.

Artigo 2. *Funcións.*

As funcións do Consello Forestal Nacional son as seguintes:

a) Emitir informe, entre outros, sobre as normas e os plans de ámbito estatal relativos ao ámbito forestal, sen prexuízo das competencias do Consello Asesor de Medio Ambiente en atención ao disposto nos artigos 19.2.a) e b) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE) e 2.a) e b) do Real decreto 2355/2004, do 23 de decembro, polo que se regulan a estrutura e as funcións do Consello Asesor de Medio Ambiente.

b) Impulsar a realización de informes e estudos sobre o sector forestal e facer o seguimento dos plans e programas de ámbito estatal relativos aos montes, nos cales se valore a incidencia social, económica e ambiental das políticas públicas.

c) Propoñerlles ás administracións públicas as medidas que se consideren necesarias para mellorar a xestión sustentable do monte e a competitividade do sector.

d) Elaborar un informe anual sobre o sector forestal español que recolla a situación, evolución e perspectivas deste.

e) Asesorar técnica e cientificamente en materia forestal as delegacións españolas nos organismos internacionais.

f) Impulsar o diálogo, a participación e a colaboración de todas as administracións, institucións e axentes sociais e económicos implicados no sector forestal e no uso sustentable dos montes españois, propiciando o intercambio de información, entre todos os integrantes do Consello, dos temas que sexan obxecto de debate no sector forestal.

Artigo 3. *Composición.*

O Consello Forestal Nacional estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente: o titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- b) Vicepresidente 1.º: o titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.
- c) Vicepresidente 2.º: o titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Política Forestal.
- d) Os vogais seguintes:

1.º Seis vogais en representación da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos con categoría, polo menos, de subdirector xeral ou asimilado, que corresponderán aos seguintes departamentos ministeriais: Ministerio de Facenda, Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, Ministerio de Defensa, Ministerio do Interior e Ministerio para a Transición Ecolóxica. O Ministerio para a Transición Ecolóxica estará representado por dous vogais.

2.º Dous vogais en representación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación con rango, polo menos, de subdirector xeral ou asimilado, procedentes das seguintes direccións xerais:

- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Política Forestal.
- Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria.

3.º Dezanove vogais en representación das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

4.º Un vogal en representación da Administración local a través da asociación de entes locais de ámbito estatal máis representativa, que terá que ser membro dunha corporación local.

5.º Un vogal en representación das organizacións empresariais máis representativas do sector forestal.

6.º Un vogal en representación dos propietarios forestais.

7.º Un vogal en representación das entidades de certificación forestal.

8.º Un vogal en representación das asociacións relacionadas coa caza e coa pesca.

9.º Un vogal en representación das organizacións profesionais agrarias máis representativas no sector forestal.

10.º Un vogal en representación das asociacións de consumidores e usuarios de ámbito nacional.

11.º Dous vogais procedentes dos colexios profesionais, un dos cales representará o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes e o Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais, e o segundo conxuntamente co resto dos colexios profesionais do Consello Xeral de Colexios, relacionados co sector forestal, que se mostren interesados.

12.º Un vogal representante da Sociedade Española de Ciencias Forestais.

13.º Un vogal representante do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA).

14.º Un vogal representante das organizacións interprofesionais de produtos forestais de ámbito estatal legalmente recoñecidas.

15.º Un vogal representante das asociacións de axentes forestais e ambientais.

16.º Un vogal representante das organizacións sindicais máis representativas no ámbito forestal a escala nacional.

17.º Dous vogais en representación de organizacións non gobernamentais, de ámbito estatal, que teñan como obxecto social a defensa da natureza.

#### Artigo 4. *Secretaría do Consello.*

A Secretaría do Consello será desempeñada polo titular da Subdirección Xeral de Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou por un funcionario do grupo A1 desta subdirección xeral, designado polo titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Política Forestal, que poderá ser asistido por persoal da mencionada dirección xeral.

#### Artigo 5. *Nomeamento e mandato.*

1. O nomeamento de vogais do Consello Forestal Nacional realizarao o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación por proposta dos órganos ou entidades que se indican no punto seguinte.

2. Os nomeamentos dos vogais correspondentes ás administracións realizaranse:

a) Os vogais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e do resto de departamentos ministeriais, por proposta dos subsecretarios dos ministerios correspondentes.

b) Os vogais das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, por proposta dos titulares dos órganos competentes en materia forestal das respectivas comunidades autónomas.

3. O nomeamento dos demais vogais realizarase por proposta do director xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Política Forestal, por instancia das seguintes entidades de ámbito estatal, que acordarán previamente o candidato que se vai propoñer:

a) O vogal dos entes locais, da asociación de entes locais de ámbito estatal máis representativa.

- b) O vogal das organizacións empresariais do sector forestal, das asociacións empresariais de ámbito estatal máis representativas.
- c) O vogal representante de propietarios forestais, das asociacións de ámbito nacional máis representativas dos ditos propietarios.
- d) O vogal en representación das entidades de certificación forestal, por proposta conxunta das entidades con maior implantación en España.
- e) O vogal representante das asociacións relacionadas coa caza e coa pesca, das federacións españolas de caza e de pesca.
- f) O vogal das organizacións profesionais agrarias máis representativas no sector forestal, conxuntamente entre as organizacións agrarias con representación estatal.
- g) O vogal das asociacións de consumidores e usuarios de ámbito nacional, do Consello de Consumidores e Usuarios.
- h) O vogal procedente dos colexios profesionais de ámbito forestal, por proposta conxunta dos órganos de Goberno dos respectivos colexios a nivel nacional e o representante do resto de colexios profesionais interesados do Consello Xeral de Colexios.
- i) O vogal da Sociedade Española de Ciencias Forestais, da súa xunta directiva.
- j) O vogal do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), da Dirección do citado organismo.
- k) O vogal das organizacións interprofesionais de produtos forestais, conxuntamente das máis representativas.
- l) O vogal representante das asociacións de axentes forestais e ambientais, conxuntamente entre todas elas.
- m) O vogal representante das organizacións sindicais máis representativas no ámbito forestal a escala nacional, conxuntamente entre todas elas.
- n) Os vogais das organizacións non gobernamentais cuxo obxecto social sexa a defensa da natureza, conxuntamente entre as de maior implantación.

4. A duración do mandato dos membros do Consello será de tres anos e o dito mandato poderase renovar por iguais períodos de tempo. Este período poderá ser fraccionado entre diferentes persoas, en caso de que sexan máis as asociacións representadas que o número de vogais asignados e sempre que estas o acorden unánimemente e o comuniquen na súa proposta de nomeamento, aínda que en tal caso non caberá renovación, só unha nova proposta de nomeamento unha vez cumpridos os tres anos.

A condición de membro do Consello perderase por expiración do mandato, por cesar no cargo que determinou o nomeamento, por falecemento, por condena firme que comporte a pena principal ou accesoria de inhabilitación para emprego ou cargo público, por baixa voluntaria nos casos en que a súa pertenza ao Consello non dimane directamente do seu cargo, ou por calquera outra causa prevista normativamente.

#### Artigo 6. *Réxime de funcionamento.*

- 1. O Consello Forestal Nacional reunirse en pleno, polo menos, unha vez ao ano.
- 2. O presidente convocará as reunións do Consello Forestal Nacional e fixará a orde do día, por iniciativa propia ou por solicitude, polo menos, da metade máis un dos membros.
- 3. A convocatoria das reunións do Consello Forestal Nacional efectuarase con, polo menos, quince días de antelación á súa data de realización, e o dito prazo poderase reducir, ao xuízo do presidente, no caso de urxencia.
- 4. No seo do Consello Forestal Nacional poderanse constituír comisións ou grupos de traballo para a análise, o seguimento e o estudo de temas concretos.
- 5. Tanto ás reunións do Pleno como ás das comisións ou grupos de traballo se poderán convocar expertos, así como persoal das administracións públicas e dos sectores implicados, que actuarán como asesores nas materias que se traten.
- 6. O presidente poderá acordar o procedemento escrito, sen necesidade de constitución do Consello, sempre que existan razóns debidamente motivadas. Unha vez

acordado o dito procedemento, o Consello deberase pronunciar nun prazo non superior a un mes e, unha vez que transcorra o devandito prazo, entenderase que queda substanciado o mencionado trámite.

7. O Consello Forestal Nacional poderase constituír e poderá convocar, realizar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

8. Para a válida constituición do Consello Forestal Nacional, para efectos de realizar sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e do secretario ou, de ser o caso, daqueles que os suplan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

9. De cada sesión que celebre o Consello Forestal Nacional o secretario elaborará a acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados

10. O Consello Forestal Nacional poderá establecer as súas propias normas de funcionamento.

Disposición adicional primeira. *Non aumento do gasto público.*

A constituición e o funcionamento do Consello Forestal Nacional non supoñerán ningún incremento do gasto público e atenderase cos recursos persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional segunda. *Coordinación co Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

Co obxecto de garantir a adecuada aplicación das políticas de conservación do patrimonio natural, no cal se inclúen os montes e os bosques, establecerase a adecuada coordinación entre o Consello Forestal Nacional e o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, de acordo co establecido no Real decreto 948/2009, do 5 de xuño, polo que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias.

Disposición derradeira segunda. *Dereito supletorio.*

No non particularmente previsto neste real decreto, o órgano colexiado regulado nel axustará o seu funcionamento ao disposto na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de outubro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES